

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Física e química 1º Bac.

Curso: 2022/2023

CÓDIGO DO CENTRO: 32003001

IES Nº 1

Enderezo		C.P.
Rúa Alberto Vilanova s/n		32500
Localidade	Concello	Provincia
O Carballiño (San Cibrao)	O Carballiño	Ourense
Tfno.	Fax	Correo electrónico
988788985	null	ies.numero1.carballino@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesnumero1carballino/	

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28

Borrador

1. Introducción

A Física e a Química contribúen aos obxectivos fundamentais do sistema educativo: dotar ao alumnado dunha formación coherente coas súas necesidades e cos retos nos que a sociedade se desenvolve, interpretando o Universo e buscando explicacións aos fenómenos observables.

Estas materias deben aportar ferramentas para que o alumnado se interese polas Ciencias como instrumentos que facilitan a análise de fenómenos cotiáns e para fomentar a participación na toma de decisións sobre problemas locais e globais relacionados cos ámbitos científico, tecnolóxico, social e medioambiental.

O currículo destas materias deberá incluír contidos enfocados ás finalidades anteriormente expostas e que ademais permitan desenvolver estudos posteriores.

Podemos resumir estas liñas básicas sinalando o dobre papel que debe desempeñar o ensino da Física e da Química

- Un papel formativo que permita afondar nos coñecementos necesarios para comprender o mundo que nos rodea asumindo unha actitude analítica, crítica e fundamentada.

- Un papel funcional que permita o recoñecemento dos fenómenos naturais dende o punto de vista empírico e experimental, á vez que familiarice ao alumnado coas características da investigación científica e da súa aplicación na resolución de problemas concretos.

Atendendo ás liñas xerais ata aquí expostas, indícanse a continuación os puntos básicos da programación desta materia.

- Debe facerse énfase na perspectiva útil da ciencia e débense incluír os elementos suficientes para unha formación profesional de base.

- Debe proporcionarse unha información rigorosa e todas as ferramentas operativas necesarias para etapas posteriores.

- En todo o currículo e o seu desenvolvemento deberá ser patente a idea da ciencia como proceso en construción permanente, tendo en conta o papel da historia da Física e da Química á hora de entender as controversias entre modelos e teorías. Destacarase o papel de científicos e científicas nese proceso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos da área	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais e evidenciar o papel destas ciencias na mellora do benestar común e na realidade cotiá.			1-2-5		12			1
OBX2 - Razoar usando con solvencia o pensamento científico e as destrezas relacionadas co traballo da ciencia para aplicarlos á observación da natureza e da contorna, á formulación de preguntas e hipóteses e á validación destas a través da experimentación, da indagación e da procura de evidencias.			1-2		40	4	1	
OBX3 - Manexar con propiedade e solvencia o fluxo de información nos diferentes rexistros de comunicación da ciencia, como son a nomenclatura de compostos químicos, a linguaxe matemática, as unidades de medida e os códigos de seguridade no traballo experimental, para a produción e interpretación de información en diferentes formatos e a partir de fontes diversas.	1-2		4	2				
OBX4 - Utilizar de forma autónoma, crítica e eficiente plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, consultando e seleccionando información científica veraz, creando materiais en diversos formatos e comunicando de maneira efectiva en diferentes contornas de aprendizaxe, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social.		1	3	1-3	32		2	1

Obxectivos da área	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Traballar de forma colaborativa en equipos diversos, aplicando habilidades de coordinación, comunicación, emprendemento e repartición equilibrada de responsabilidades, para predicir as consecuencias dos avances científicos e a súa influencia sobre a saúde propia e comunitaria e sobre o desenvolvemento ambiental sostible.			3-5		31-32	4		
OBX6 - Participar de forma activa na construción colectiva e evolutiva do coñecemento científico, na súa contorna cotiá e próxima para converterse en axentes activos da difusión do pensamento científico, na aproximación escéptica á información científica e tecnolóxica e á posta en valor da preservación do medio ambiente e da saúde pública, no desenvolvemento económico e na procura dunha sociedade igualitaria.			3-4-5		50	4	2	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Materia	Propiedades da materia, leis ponderais e volumétricas, cantidade de substancia, composición centesimal. Estados de agregación, ecuación dos gases, disolucións, propiedades coligativas. Orbitais atómicos, configuración electrónica, enlace químico, forzas intermoleculares. Formulación compostos orgánicoa	33	47	X		
2	Reaccións químicas. Química orgánica	Reaccións químicas: cálculos estequiométricos, cálculos de masa, reactivos e produtos gaseosos e en disolución, reactivo limitante, rendemento dunha reacción, reactivos puros e impuros. Química orgánica: hidrocarburos, compostos osixenados, compostos nitroxenados, isomería	17	23		X	
3	Cinemática	Posición e desprazamento, velocidade, aceleración, MRU, MRUA, composición de movementos rectilíneos, MCU, MCV, MHS.	17	24		X	
4	Dinámica. Enerxía	As forzas, estática, corpos en equilibrio, principios da dinámica, momento lineal, impulso mecánico, par de forzas, estudo dinámico de situacións cotiás. Traballo, enerxía, enerxía cinética, enerxía potencial, enerxía mecánica, conservación, potencia, sistemas conservativos e non conservativos. Transferencias de enerxía e variables termodinámicas dun sistema.	33	46			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Física e química (1º Bac.)

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
1	A Materia	47

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	PE	Observa a coherencia dos resultados.	1
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	PE	Emprega leis e apropiadas en cada caso.	1
CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	PE	Coñece as normas de seguridade e uso do material.	1
CA1.5 - Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA2.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	PE	Ecuación dos gases, presión parcial dun gas, fórmula empírica e molecular, composición centesimal. Concepto de mol.	35

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA2.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	PE	Nomea e formula correctamente compostos inorgánicos como óxidos, hidruros, hidróxidos, sales binarios e oxosales, oxosales ácidos, ácidos.	25
CA2.3 - Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema.	PE	Concentración disolucións: g/L, mol/L, % peso e volume. Preparación de disolucións: solutos sólidos, a partir doutra disolución. Variación da Tª de fusión e ebulición dun líquido ao engadir un soluto. Interpreta compostos iónicos, covalentes e metálicos. Propiedades.	35

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.
C1.2 - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química.
C1.3 - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias.
C1.4 - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.
C2.1 - Desenvolvemento da táboa periódica: contribucións históricas á súa elaboración actual e importancia como ferramenta predictiva das propiedades dos elementos.
C2.2 - Estrutura electrónica dos átomos tras a análise da súa interacción coa radiación electromagnética; explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo.
C2.3 - Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos, representación destes e dedución de propiedades das substancias químicas. Comprobación a través da observación e da experimentación.
C2.4 - Formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos: aplicacións que teñen na vida cotiá.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
2	Reaccións químicas. Química orgánica	23

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	PE	Observa a coherencia dos resultados.	1
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	PE	Emprega leis e apropiadas en cada caso.	1
CA1.4 - Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	PE	Coñece as normas de seguridade e uso do material.	1
CA1.5 - Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA3.1 - Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de reaccións químicas, comprendéndoas e explicándoas utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	PE	Axuste de reaccións, tipos de reaccións.	10
CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	PE	Reactivo limitante, reaccións con gases, substancias en disolución, reactivos puros e con impurezas, rendemento	36

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA3.2 - Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	PE	dunha reacción.	36
CA3.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna nas que estean implicadas reaccións químicas, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente.	PE	Identificación da situación planteada.	1
CA3.4 - Debater, de maneira informada e argumentada, sobre cuestións ambientais, sociais e éticas relacionadas co desenvolvemento da física e da química, alcanzando un consenso sobre as consecuencias dos seus avances e propoñendo solucións creativas en común ás cuestións expostas.	PE	Argumentar correctamente a solución dun problema.	1
CA3.5 - Identificar e argumentar cientificamente, á luz da física e da química, as repercusións de accións que se acometen na vida cotiá analizando como melloras, como forma de participar activamente na construción dunha sociedade mellor.	PE	Argumentar correctamente a solución dun problema.	1
CA3.6 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados con reaccións químicas que axuden a satisfacer as devanditas necesidades, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sostible e a promoción da saúde.	PE	Propoñer correctamente a solución a un problema formulado.	1
CA4.1 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente.	PE	Propoñer solucións axeitadas a un problema.	1
CA4.2 - Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos orgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	PE	Formular e nomear hidrocarburos, compostos oxixenados e nitroxenados sinxelos.	43
CA4.3 - Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica que axuden a satisfacelas, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sostible e a promoción da saúde.	PE	Analizar correctamente un problema.	1

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.
C1.2 - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química.
C1.3 - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias.
C1.4 - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.
C3.1 - Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá.
C3.2 - Clasificación das reaccións químicas: relacións que existen entre a química e aspectos importantes da sociedade actual, como por exemplo a conservación do medio ambiente ou o desenvolvemento de fármacos.
C3.3 - Cálculo de cantidades de materia en sistemas fisicoquímicos concretos, como gases ideais ou disolucións, así como o estudo das súas propiedades e variables de estado en situacións da vida cotiá.
C3.4 - Estequiometría das reaccións químicas: aplicacións en procesos industriais significativos da enxeñería química.
C4.1 - Propiedades físicas e químicas xerais dos compostos orgánicos a partir dos seus grupos funcionais; xeneralidades nas diferentes series homólogas e aplicacións no mundo real.
C4.2 - Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente algúns compostos orgánicos mono e polifuncionais (hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados).

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
3	Cinemática	24

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	PE	Observa a coherencia dos resultados.	1

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	PE	Emprega leis e apropiadas en cada caso.	1
CA1.6 - Traballar de forma autónoma e versátil, individualmente e en equipo, na consulta de información e na creación de contidos, utilizando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e refugando as menos adecuadas para mellorar a aprendizaxe propia e colectiva.	PE	Emprega as ferramentas axeitadas de resolución de problemas.	1
CA5.1 - Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos cotiáns, elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	PE	Aplica correctamente os conceptos teóricos ás situacións formuladas.	10
CA5.2 - Resolver problemas sobre movementos expostos a partir de situacións cotiáns, aplicando os conceptos propios da cinemática para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	PE	Resolve exercicios de MRU, MRUA, MCU, MCH, composición de movementos rectilíneos e exercicios de dous móbiles	76
CA5.3 - Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	PE	Emprega correctamente as unidades	10

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.
C1.2 - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química.
C1.3 - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias.
C1.4 - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.
C5.1 - Variables cinemáticas en función do tempo nos distintos movementos que pode ter un obxecto, con ou sen aceleración: resolución de situacións reais relacionadas coa física e coa contorna cotiá.
C5.2 - Variables cinemáticas que interveñen nun movemento rectilíneo e circular: magnitudes e unidades empregadas. Movementos cotiáns que presentan estes tipos de traxectoria.
C5.3 - Expresión da traxectoria dun movemento composto en función das magnitudes que o describen.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
4	Dinámica. Enerxía	46

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA1.2 - Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	PE	Observa a coherencia dos resultados.	1
CA1.3 - Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	PE	Emprega leis e apropiadas en cada caso.	1
CA1.7 - Participar de maneira activa na construción do coñecemento científico, evidenciando a existencia de interacción, cooperación e avaliación entre iguais e mellorando o cuestionamento, a reflexión e o debate ao alcanzar o consenso na resolución dun problema ou situación de aprendizaxe.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA1.8 - Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc.	PE	Formula propostas razoables.	1
CA6.1 - Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	PE	Representa correctamente as forzas que actúan sobre un corpo. Identifica as forzas aplicadas, de rozamento, normal e tensión en	20

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA6.1 - Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	PE	cordas. Interpreta o momento lineal e a súa conservación. Compón e descompón forzas. Aplica o momento dun par de forzas correctamente.	20
CA6.2 - Resolver problemas de estática e dinámica de corpos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando as leis da dinámica newtoniana e os teoremas de conservación pertinentes para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	PE	Resolve, aplicando as leis da dinámica, problemas de: - corpos en planos horizontais e inclinados, sós ou enlazados, con e sen rozamento, corpos enlazados a poleas simples - corpos en movemento en traxectorias curvas - conservación do momento lineal	25
CA6.3 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	PE	Expresa cada magnitude nas unidades apropiadas.	5
CA7.1 - Aplicar os conceptos de calor e traballo e o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de fenómenos cotiás nos que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	PE	Aplica correctamente a situacións planteadas os conceptos de traballo, calor, enerxía cinética, potencial, traballo de rozamento, enerxía potencial elástica e potencia.	15
CA7.2 - Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica e térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor e o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	PE	Resolve problemas de transferencia de enerxía mecánica en condicións de conservación e de disipación por rozamento: corpos que se deslizan por planos, corpos que caen libremente. Resolve problemas de choques entre obxectos e corpos unidos a resortes elásticos.	20
CA7.3 - Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e as súas manifestacións, emprender iniciativas e buscar solucións sostibles desde a física e a química analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no medio ambiente.	PE	Propón solucións apropiadas a problemas formulados.	5

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA7.4 - Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias de magnitudes relacionadas coa enerxía, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	PE	Expresa cada magnitude nas unidades apropiadas.	5

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas.
C1.2 - Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química.
C1.3 - Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias.
C1.4 - Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.
C6.1 - Predición, a partir da correspondente composición vectorial, do comportamento estático ou dinámico dunha partícula. Par de forzas. Estática de sólidos ríxidos.
C6.2 - Relación da mecánica vectorial aplicada sobre unha partícula ou un sólido ríxido co seu estado de repouso ou de movemento. Aplicacións estáticas ou dinámicas da física noutros campos de interese.
C6.3 - Interpretación das leis da dinámica en termos de magnitudes como o momento lineal e o impulso mecánico: aplicacións.
C7.1 - Conceptos de traballo e potencia: elaboración de hipóteses sobre o balance enerxético de sistemas mecánicos ou eléctricos da contorna cotiá e o seu rendemento.
C7.2 - Enerxía potencial e enerxía cinética dun sistema sinxelo: aplicación á conservación da enerxía mecánica en sistemas conservativos e non conservativos e ao estudo das causas que determinan o movemento dos obxectos no mundo real.
C7.3 - Variables termodinámicas dun sistema para relacionar as variacións de temperatura que experimenta coas transferencias de enerxía que se producen coa súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A actividade construtiva do alumnado é o factor decisivo na realización das aprendizaxes na escola. Esta actividade construtiva debe levar ao alumnado a modificar e reelaborar os seus esquemas de coñecemento e a construír a súa propia aprendizaxe. O profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas que leven a establecer relacións entre os coñecementos, experiencias previas e os novos contidos. O profesorado deberá proporcionar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, para que o alumnado comprobe o interese e a utilidade do aprendido. É igualmente importante estimular a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións, de forma que o alumnado poda analizar o avance respecto das súas ideas previas.

A aprendizaxe será funcional, asegurando que poda ser empregado en circunstancias reais, que sexan útiles para realizar outras aprendizaxes e que supoña o desenvolvemento de estratexias que permitan a planificación e regulación da propia actividade de aprender.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos e estratexias variadas que permitan dar respostas ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado.

Atendendo aos principios enunciados anteriormente e ás características propias dos contidos científicos, o enfoque metodolóxico seguirá as seguintes pautas:

- A metodoloxía será activa e participativa.
- Deberá perseguirse, como eixo fundamental, a adquisición das competencias básicas, especialmente a relacionada co coñecemento e interacción co mundo físico.
- Tratarase de fixar hábitos de traballo propios do coñecemento científico.
- A metodoloxía deberá ser variada incluíndo:

Explicacións breves

Discusións e debates

Propostas de hipóteses

Tarefas e actividades relacionadas con comprobacións experimentais ou pequenas investigacións

Utilización da linguaxe propia das ciencias (gráficas, fórmulas, leis, sistemas de unidades)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Material vario

Traballarase co libro de texto FÍSICA Y QUIMICA 1º Bacharelato J.M. Vilchez González e outros. Ed. Anaya 2022.

Empregarase a prensa que chega ao centro como recurso cando se publiquen artigos de ciencia ou ecoloxía relacionados coa materia.

Utilizarase ademais: material de laboratorio, vídeos, DVDs, televisión, proxector e ordenadores dos que se dispón nos laboratorios.

Borrador

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha exploración oral ao inicio de cada bloque e mesmo de cada contido para avaliar os coñecementos previos necesarios. Cando sexa preciso realizarase un repaso de conceptos de cursos anteriores.

Borrador

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos na materia:

Unidade didáctica	Física e química					Total Prog.
	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total UA	
Peso UD/ Tipo Ins.	33 %	17 %	17 %	33 %	100 %	100 %
Proba escrita	100	100	100	100	100 %	100 %

Criterios de cualificación:

- Realizaranse dúas probas escritas por avaliación.
- A nota da avaliación será a media aritmética das dúas probas
- Para aprobar a avaliación a nota debe ser igual ou superior a 5.
- A nota do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións (e no seu caso da nota das recuperacións)
- A nota media para aprobar será igual ou superior a 5.

Prara a corrección das probas escritas terase en conta o seguinte:

- As respostas deberán axustarse ao enunciado das preguntas.
- Os exercicios non consistirán nunha mera aplicación de fórmulas e deberán estar correctamente explicados.
- Deberán indicarse as unidades de cada resultado.

Criterios de recuperación:

- Para o alumnado que non aprobe a primeira ou a segunda avaliación farase un exame de recuperación ao remate de cada trimestre.

- A recuperación da 3ª avaliación, se é necesaria, realizarase ao mesmo tempo que o exame que se indica no punto seguinte.

- Antes da avaliación ordinaria e para o alumnado que non alcance nota 5 na media das tres avaliacións (ou das recuperacións, se é o caso) e teña como mínimo dúas avaliacións suspensas, farase un exame de toda a materia. A nota final será a deste exame.

Avaliación extraordinaria

Para a avaliación extraordinaria farase unha proba escrita de toda a materia.

Borrador

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai alumnado con materias pendentes.

Borrador

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Ao se 1º curso non se da esta situación.

Borrador

6. Medidas de atención á diversidade

O sistema educativo trata de garantir a atención á diversidade do alumnado desde un currículo que poida adaptarse para dar a resposta máis axeitada a cada circunstancia.

Aínda que a ratio profesorado/alumnado pode dificultar este aspecto, é necesario esforzarse en conseguir un certo grao de personalización, en función dos distintos niveis de partida e os diversos ritmos de aprendizaxe do alumnado. Por iso, é necesario un tratamento da diversidade en cada tema que implique preparar actividades de diferentes niveis de dificultade, segundo o que o alumnado requira: medidas de reforzo ou ampliación

a. Medidas de reforzo.

Para atender á diversidade é necesario levar a cabo medidas de acordo coas necesidades especiais do alumnado que requira medidas de reforzo. Estas medidas poden tomarse dentro e fóra da aula.

Deben programarse actividades tendo como punto de partida os contidos mínimos.

Unha vez rematado cada tema e feita a proba obxectiva, propórase ó alumnado que non a superara, outras tarefas de reforzo coa finalidade de recuperala.

b. Medidas de ampliación

O alumnado de altas capacidades pode presentar necesidades de apoio específicas.

As actividades de ampliación que o profesorado debe propoñer cando detecta alumnado con altas capacidades e rápido aprendizaxe:

- Deben afondar, conectar, enriquecer e potenciar o pensamento creativo.
- Deben ser motivadoras e atraentes.
- Non deben adiantar contidos de cursos superiores nin insistir máis no mesmo.

As actividades propostas deben deixar tempo para que o alumnado poda realizar actividades de libre elección.

c. Adaptacións curriculares

As adaptacións curriculares son as modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do

currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Faráse unha ACI a:

- Alumnado que esgotou todas as medidas ordinarias e non acadou os obxectivos
- Alumnado que padece un déficit de calquera índole (neste caso non sería necesario esgotar todas as medidas ordinarias)
- Alumnado que ten cualidades excepcionais.

Borrador

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral.	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X	X	X
ET.8 - Á creatividade	X	X	X	X

Observacións:

Segundo o decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato, todos os aspectos que constitúen os elementos transversais do currículo poden ser tratados transversalmente dentro da propia materia, é dicir, estar distribuídos ao longo de todas as unidades e non nalguna en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita a unha empresa	Visita a unha empresa a determinar, relacionada co ámbito da materia, e do entorno xeográfico do IES.
Actividades A Ponte (USC)	Solicitarase algunha actividade do programa A Ponte, da USC

Borrador

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1- Coñecementos previos
2- Proporcionar a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas
3- Propoñer novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foran acadados suficientemente ou de ampliación se se considera necesario.

Descrición:

1- Por exploración oral ou por escrito tratarase de ir detectando os coñecementos previos de cada unidade, ou de aspectos de cada unidade, necesarios para o avance no proceso de aprendizaxe.

2- É necesario ir proporcionando ao alumnado indicacións e/ou correccións a medida que se desenvolve o proceso de aprendizaxe.

3- Adecuación de actividades ao proceso de aprendizaxe do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do curso, nas sucesivas reunións de departamento, realizarase un seguimento do desenvolvemento da programación. Adecuaranse aspectos da programación (maior ou menor incidencia en determinadas ferramentas metodolóxicas e de avaliación, temporalización, etc) ás características de cada grupo.

Despois de cada avaliación, analizaranse os resultados e propoñeranse as posibles medidas a seguir.

Na última reunión de departamento do curso, farase unha análise global do grao de cumprimento da programación e aprobaranse as posibles modificacións de cara ao curso seguinte.

Estas modificacións, de existir, quedarán recollidas na memoria de fin de curso presentada polo departamento en xefatura de estudos.

Borrador